

Resolución pola que se realiza unha redistribución do crédito entre as actividades previstas inicialmente na Orde de 30 de marzo de 2022, pola que se convocan subvencións para a transformación de frota de transporte de viaxeiros e mercadorías de empresas privadas prestatarias de servizos de transporte por estrada, así como de empresas que realicen transporte privado complementario, no marco do compoñente 1 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, xestionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para os anos 2022, 2023 e 2024 (códigos de procedemento IF318B, IF318C, IF318D, IF318E e IF318F).

No *Diario Oficial de Galicia* nº 64 do 01 de abril de 2022 publicouse a Orde do 30 de marzo de 2022 pola que se convocan subvencións para a transformación de frota de transporte de viaxeiros e mercadorías de empresas privadas prestatarias de servizos de transporte por estrada, así como de empresas que realicen transporte privado complementario, no marco do compoñente 1 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, xestionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para os anos 2022, 2023 e 2024 (códigos de procedemento IF318B, IF318C, IF318D, IF318E e IF318F).

De conformidade co disposto no artigo 16 do Real Decreto 983/2021, do 16 de novembro, e co artigo 7.1 da Orde do 30 de marzo de 2022, establécense cinco actividades subvencionables:

1. Actividade 1: achatarramento. Código de procedemento IF318B.



2. Actividade 2: adquisición de vehículos de enerxías alternativas baixas en carbono. Código de procedemento IF318C.

3. Actividade 3: retrofit ou modificación da forma de propulsión de vehículos. Código de procedemento IF318D.

4. Actividade 4: implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos. Código de procedemento IF318E.

5. Actividade 5: adquisición de semirremolques para autoestradas ferroviarias. Código de procedemento IF318F.

O crédito inicial asignado a Galicia para estas axudas no Real decreto 983/2021, do 16 de novembro, foi de 12.818.438 €. Non obstante, ante a demanda existente, aprobáronse dúas ampliacións orzamentarias sucesivas por parte da Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que dotaron ás axudas cun total de 29.467.673,56 €.

A distribución actual do crédito entre as cinco liñas de axuda que establece a convocatoria, conforme cos criterios de repartición iniciais regulados no artigo 7.4 do Real decreto 983/2021, do 16 de novembro, resúmese na seguinte táboa, descontados os importes destinados a custos indirectos:

Actividade	Partida orzamentaria	Crédito inicial 2022 (€)	1ª ampliación crédito (€)	2ª ampliación crédito (€)	Total (€)
Actividade 1	09.02.512A.770.0	5.595.248,19	3.306.176,91	3.961.214,41	12.862.639,51
Actividade 2	09.02.512A.770.0	5.470.909,34	3.232.706,32	3.873.187,42	12.576.803,08
Actividade 3	09.02.512A.770.0	621.694,24	367.352,99	440.134,93	1.429.182,16
Actividade 4	09.02.512A.770.0	621.694,24	367.352,99	440.134,93	1.429.182,16
Actividade 5	09.02.512A.770.0	124.338,85	73.470,60	88.026,99	285.836,44

Conforme co establecido nos artigos 7.5 do Real decreto 983/2021 e no artigo 4.2 da Orde de 30 de marzo de 2022, a partir da data en que resten tres meses para a finalización da vixencia das convocatorias, é posible realizar unha redistribución do orzamento entre as diferentes liñas de actividade, se algunha das partidas non se esgotou, e outra partida tivese lista de reserva ou agarda, quedando sen efecto as porcentaxes de repartición establecidas inicialmente. Tendo en conta que o 30 de abril de 2024 finaliza o prazo de presentación de solicitudes para todas as liñas de actividade, agás no caso da actividade 4, de implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos, que finalizou o 31 de decembro de 2023, é posible realizar a dita redistribución a partir do 31 de xaneiro de 2024.

A Orde do 6 de marzo de 2024 (DOG nº 54 do 15 de marzo de 2024) pola que se establecen criterios para a redistribución do crédito entre as actividades previstas inicialmente na Orde de 30 de marzo de 2022, acordou dita reasignación dos importes e habilitou a esta Dirección Xeral para concretar o crédito finalmente atribuído a cada unha das liñas de axuda.

Deste xeito, a redistribución realizarase tendo en conta o importe de solicitudes recibidas en cada unha das actividades ata o 14 de marzo de 2024 (día incluído), e creando a partir desta data unha única listaxe de agarda para todos os expedientes presentados de calquera actividade, tal e como dispón o artigo único da Orde do 6 de Marzo de 2024.

De acordo con todo o indicado,

DISPOÑO:

Primeiro. Redistribuír o crédito das axudas convocadas na Orde de 30 de marzo de 2022 e nas ampliacións sucesivas (Orde do 9 de xaneiro de 2023 e Orde do 19 de outubro de 2023) de acordo coa seguinte táboa, elaborada a



partir dos expedientes presentados ata o 14 de marzo de 2024 e descontados os importes destinados a custos indirectos:

Actividade	Partida orzamentaria	Crédito actual (inicial + 2 ampliacións)	Redistribución	Crédito final
Actividade 1	09.02.512A.770.0	12.862.639,51 €	+6.821.003,84 €	19.683.643,35 €
Actividade 2	09.02.512A.770.0	12.576.803,08 €	- 3.676.803,08 €	8.900.000,00 €
Actividade 3	09.02.512A.770.0	1.429.182,16 €	- 1.429.182,16 €	0,00€
Actividade 4	09.02.512A.770.0	1.429.182,16 €	- 1.429.182,16 €	0,00€
Actividade 5	09.02.512A.770.0	285.836,44 €	- 285.836,44 €	0,00€

Segundo. Facer pública esta resolución mediante a súa publicación no enderezo web:

https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/recursos/axudas-subvencions?content=axuda_0012.html

Ignacio Maestro Saavedra
Director xeral de Mobilidade

(documento asinado electrónicamente)